

OQO, atenta aos dereitos humanos

OQO editora comeza o ano inaugurando dúas novas coleccións, Quontextos, pensada para abordar a marxinalidade e a miseria na que vive boa parte da poboación mundial, e Nanoqos, para que os máis pequenos se acheguen sen medo ao mundo da lectura. Continúa ademais a súa aposta polos libros fermosos, que dea gusto regalar

Fume, nos campos de concentración

AUTOR: ANTÓN FORTES

ILUSTRADOR: JOANNA CONCEJO

TANTO NOS CAMPOS de concentración –co que implican de fame, frío, enfermidade, violencia e morte–, interesa aquí un deses mundos persoais e familiares que o nazismo destruíu, e que é do pouco que ten cor fronte ao gris ferinte e o silencio. Isto pódese atopar nas páxinas de *Fume*, que dá inicio a unha nova colección en OQO Editora: Quontextos.


Esta liña de libros apostará por abordar a marxinalidade, a miseria e a dramática situación dos máis desfavorecidos. Cunha óptica esperanzadora, remover a conciencia dos lectores enfrontándoos e implicándoos con realidades que, sen ser directamente as súas, non deixan e non deben

nunca deixar de selo. Compre lembrar os datos da UNESCO que advirten de que uns 250.000 nenos morren asasinados en conflitos armados cada ano e que hai 3.5 millóns de cativos refuxiados por este motivo. Nestes contextos bélicos, por cada militar que morre, nove son vítimas civís, a maioría mulleres e nenos. “Se toda violencia está inxustificada, a que remata coa inocencia aínda o está máis”, reproba Antón Fortes (Lugo, 1957), autor do texto do álbum *Fume*, que nos achega á vida dun cativo nunha das máis infernais realidades creadas polo home no século XX, un campo de concentración e exterminio nazi.

Mais neste horror, por increíble que pareza, en *Fume* hai lugar para a inocencia, cariño, solidariedade e esperanza. E isto é posible grazas a carga afectiva do texto de Antón Fortes e, especialmente, a profunda e intensa emo-

UNHA OBRA QUE NARRA O SUFRIMENTO DE TODOS OS NENOS QUE FORON VÍTIMAS DUNHA GUERRA ATÉ O DÍA DE HOXE

tividade e sensibilidade das imaxes da ilustradora Joanna Concejo, orixinaria de Polonia país que padeceu o maior campo de exterminio nazi, Auschwitz-Birkenau– e que fai a súa primeira colaboración en España, a pesar do seu prestixio en Europa. Do sufrimento dos nenos deportados a campos de exterminio non abunda literatura autobiográfica, pero a documentación sobre a súa peripecia é arrepiante. Resulta moi difícil non ver no feito de que os nenos non-arios



recibisen leite desnatado –en lugar de enteiro– un anticipo da subalimentación que están a sufrir hoxe cativos africanos ou palestinos –o conflito árabe-israelí cobrouse nesta última década as

vidas de máis de 3 millóns de nenos–. Por estes motivos, *Fume* vai máis alá da monstruosidade do Holocausto e busca recoller a vivencia común de todos os nenos que foron vítimas da guerra. ●